

Ao- Servizo de Montes da Delegación Provincial de Lugo



Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza-LUGO

Avda das Fontiñas, 180-Entrechán 27003 LUGO

Tfnos: 982,240,299. Correo electrónico: adegalugo@adega.info

D. XXXX con DNI XXXX en representación da Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza, -ADEGA-, ante Servizo de Montes da Delegación Provincial de Lugo, presenta a DENUNCIA polos seguintes:

FEITOS:

-Fai unhas semanas detéctase unha prantación de *Eucaliptus sp.* nunha parcela previamente talada. Dita parcela albergaba unha masa multiespecífica de bosque autóctono con presenza entre outras especies de *Betula celtiberica*, *Quercus robur* e *Alnus glutinosa* (Ver Anexo I).

-A parcela atópase no concello de Rábade, na provincia de Lugo.

-As súas coordenadas centrais (ED 50) son:

X: 612357,64 / Y: 4774544,97

-Os seus datos catastrais son os seguintes:

-Provincia: 27

-Concello: 56

-Agregado: 0

-Polígono: 5

-Parcela: 17

-Os cambios de cuberta forestal arriba especificados, pódense catalogar consultando calquera dos visores de ortofotografía ou fotografía satélite dispoñibles por internet (SIXPAC, IBERPIX, GOOGLE EARTH).

-Esta prantación **incumpre o establecido no Art. 67.4 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.**

Polo exposto.

SOLICITAMOS:

Que se **aplique o réxime sancionador previsto no Título XII, Capítulo I, Art. 127 da citada lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia,** así como o establecido no Art. 133 no referente a obriga de reparar.

En Lugo, a 02 de xaneiro de 2014.

Asdo: xxxx

ANEXO I: Dossier fotográfico da infracción.



Foto 1. Vista xeral da repoboación



Foto 2. Tocón de frondosa autóctona talada.



Foto 3. Restos de frondosas autóctonas no médio da repoboación.



Foto 4. Restos da tala